

ACTA DA SESIÓN PLENARIA DE CONSTITUCIÓN DO CONCELLO DE SILLEDA, DO 15 DE XUÑO DE 2019

Na Casa do Concello de Silleda, ás 13:04 do día 15 de xuño de 2019, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e para o efecto de levar a cabo a constitución da Corporación municipal de Silleda, surxida das eleccións que tiveron lugar o día 26 de maio de 2019, reúnense os Sres. Concelleiros enumerados á marxe, asistidos polo secretario acctal., que dá fe do acto. Asiste tamén o interventor municipal, D. Leopoldo Moure Dopico.

ASISTENTES:

CONCELLEIROS:

D. Luis Juan Arceo López.
Dº. Manuel Asorey Suárez.
D. Klaus Brey Montaña.
D. Iván Calvo Fernández.
Dª Ana Rosa Cornado Molina.
D. Manuel Cuiña Fernández.
D. Antonio Ferro Losada.
Dª Mónica González Conde.
D. Ignacio Maril Pardo.
Dª María del Pilar Peón Iglesias.
Dª María Jesús Rodríguez Lastres.
D. Jesús Taboada Lázara.
Dª Angela María Troitiño Gil.

SECRETARIO: David García Lareo, Secretario acctal do concello (Decreto 08.03.2019), que da fe do acto.

FORMACIÓN DA MESA DE IDADE

En cumprimento do previsto na normativa de réxime electoral xeral e de réxime local, debe constituirse unha Mesa de Idade, integrada neste caso por Antonio Ferro Losada e Iván Calvo Fernández, que son os candidatos electos de maior e menor idade, respectivamente, presentes na sala.

CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

A Mesa comproba a personalidade dos restantes candidatos electos e, dado que está presente a maioría absoluta dos mesmos, declara constituída a Corporación, tal e como establece o artigo 195.4 da LOREG.

TOMA DE POSESIÓN DOS CONCELLEIROS

En cumprimento do artigo 108.8 desta mesma norma, no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución.

Polo Secretario procédese a chamar ós proclamados electos, por orden alfabética de apelidos, co obxecto de que formulen o preceptivo xuramento ou promesa de cumprimento fiel das súas obrigas do cargo de concelleiro, segundo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, sendos os últimos o vocal e o presidente.

D. Luis Juan Arceo López.
Dº. Manuel Asorey Suárez.
D. Klaus Brey Montaña.
Dª Ana Rosa Cornado Molina.
D. Manuel Cuiña Fernández.
Dª Mónica González Conde.
D. Ignacio Maril Pardo.
Dª María del Pilar Peón Iglesias.
Dª María Jesús Rodríguez Lastres.
D. Jesús Taboada Lázara.
Dª Angela María Troitiño Gil.
D. Iván Calvo Fernández.
D. Antonio Ferro Losada.

ELECCIÓN DO ALCALDE

De seguido, para elixir Alcalde debe seguirse o procedemento que establece o artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral. En primeiro termo, polo Presidente da Mesa pregunta aos concelleiros que encabezaron as correspondentes listas electorais se manteñen a súa candidatura a alcalde ou se a retiran, concedendo turno de palabra a cada un deles para que se dirixan ó Pleno.

Manteñen a súa candidatura: Manuel Cuiña Fernández, non fai intervención.

Retira a súa candidatura: Ignacio Maril Pardo, non fai intervención.
Ana Rosa Cornado Molina, non fai intervención.

Despois da proclamación dos candidatos, procédese á votación ordinaria a man alzada, co seguinte resultado:

- D. Manuel Cuiña Fernández PSdeG-PSOE:

Votos a favor: 7 votos

Votos en contra: 5 votos

Abastencións: 1 voto

Dado que a candidatura de Manuel Cuiña Fernández obtivo 7 votos, que fan a maioría absoluta dos membros da Corporación, queda proclamado Alcalde do Concello de Silleda.

TOMA DE POSESIÓN

A continuación, Manuel Cuiña Fernández achégase á Mesa e, previa promesa de acatamento á Constitución segundo a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, toma posesión do cargo de Alcalde do Concello de Silleda, facéndolle entrega o Presidente da Mesa de Idade do bastón de mando da Corporación. O Sr. Alcalde pasa a ocupar a presidencia da sala, polo que queda disolta a Mesa de Idade.

Unha vez na Presidencia, toma a palabra o Sr. Alcalde indicando que é un gran día para a democracia e que é un gran honor ser o Alcalde do pobo onde se nece e se vive. Lembra os concelleiros que tomaron posesión fai catro anos e agracede o traballo realizado por eles, pasando a nomear os mesmos e pedindo un aplauso. Fai mención o traballo realizado este últimos catro anos como a redución de deuda e que estase en disposición de cancelar totalmente a mesma en dous ou tres anos, a realización do centro de día / residencia, a redución do paro en Silleda, a rede de calor, e a potenciación do turismo, a realización de novas infraestruturas para o deporte e axudas a cultura. Que fai catro anos realizou unha oferta de diálogo os outros grupos para poder traballar xuntos, que a lexislatura empezou ben pero acabou moi mal, xa que dende que cambiou o portavoz do grupo popular cambiouse a uns ataques persoais, e que non os vai a permitir, e que romperá relacións en caso de que existan estes ataques persoais. Que acepta as críticas o seu traballo e a xestión. Que o número de votos acadados polo PSOE nas últimas eleccións municipais en Silleda é idéntico o número de votos acadados polos demais partidos: PP, Cidadáns, CCD e BNG, todos xuntos. Que espera que o comenzo desta lexislatura vaia por outros derroteiros que non sexan o final da outra. Que seguramente se poidan criticar actuacións pero non se deben entrar en temas persoais e que non só afectan os concelleiros ou alcalde, senón tamén as súas familias, tanto de un partido como doutros. Tende a súa mán para que a lexislatura empece con bo pé e traballar todos xuntos para os nosos veciños e veciñas.

Asimesmo, polo Alcalde, dase conta ó pleno de que constan realizados o informe de secretaría relativo ó Inventario de Bens Municipais, así coma a Acta de Arqueo de fondos existentes en data 14 de xuño de 2.019. Estes documentos están a disposición de todos os concelleiros/as que os queiran consultar.

Dito esto, o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión ás 13:25 horas, do que, como secretario, dou fe.

Silleda, a 15 de xuño de 2019

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal. (Decreto 08.03.2019)
Asdo. David García Lareo